

Recuperan o patrimonio oral e cultural do Entroido de Cerqueda

A Asociación de Escritores en Lingua Galega trasladouse esta fin de semana a unha parroquia de Malpica para gravar alí unha Plafía dun dos Entroidos máis míticos e menos coñecido da Costa da Morte, o de Cerqueda.

Por Ubaldo Cerqueiro | Malpica | 15/03/2011



A fin de semana foi completa no Concello de Malpica. A falta de poder achegarnos a ver á Mikaela, unha das citas máis singulares do entroido costeiro (mándenos as súas fotos da Mikaela), quedamos en Cerqueda para disfrutar dunha Polafía moi especial. E da man de ninguén que Xosé Manuel Varela Varela para presentarnos a iniciativa.

E é que este ano a **Polafía de Cerqueda** foi grabada pola **Asociación de Escritores en Lingua Galega**, para ter unha fonte primaria de incalculable valor patrimonial. A sesión tivo lugar este domingo 13 de marzo no Restaurante Aldeola. e da man das activas Asociación de Veciños Monte d'Arxa (AVMd'A) e a Asociación Cultural Raigañas (ACR) a AELG puido desenvolver as grabacións.

Polos micros pasaron **Copleiros, narradores, danzantes e músicos tradicionais**, fundamentalmente de Cerqueda, pero tamén doutras parroquias de Malpica de Bergantiños e que recordaban contidos de literatura oral que fan referencia a Cerqueda.

Houbo un pouco de todo. Comezaron por **romances** da man de Miguel Anxo Calvo e Isidro Novo. Manolo do Vinculeiro, Javier Couto Castro e Eliseo Couto trouxeron os seus **contos e lendas**. Suso e Antonio de Xornes puxeron voz á **regueifa** de Bergantiños; Alfredo Caiño, Encarna Suárez, Mercedes Queixas e Isidro Novo contaron as **Letanías da Coresma**.

As **comparsas** chegaron dende a Pontella, con Teresa dos Cucos; e as **Coplas** foron obra de Evangelina Trigo. A mesma sacou a pandeireta xunto a Dolores do Vighán, ademais das **pandeireteiras** pequenas e medianas da Raigañas como Mar Suárez, Anxos Verdes, Sofía Vila, Estela Arnaud, Icíá Varela, Ángela Varela, Rita Pose, Andrea Suárez, Raquel Pose, Mar Costa, e Noelia,

Tempos de madamitos e Ghuadineiros

E se por Ourense teñen peliqueiros, pantallas ou cigarróns, en Cerqueda temos “Madamitos e Ghuadineiros”. Estes singulares persoeiros realizaron un completo percorrido pola parroquia levando as súas pezas cantadas e os bailes.

A fin de festa a puxeron os **Gaiteiros da Raigañas**, que tocaron o “Pasodobre de Cerqueda”, a “Carballeira de Melide”. Aí escribiron os Miguel Garrido, Sebastián Garrido, Javier Rodríguez, Víctor Suárez, Anxos Verdes, Adrián Martínez, Raquel Pose, Aitor Pose, Mar Costa, Samuel Costa, Pablo Garrido e Sergio Varela. Máis en quepasanacosta.com